

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á OBRA DE MELLORA DE CAMIÑO AGRÍCOLA EN AMARELA

**EXPEDIENTE:** 2018/G003/000032

### ANTECEDENTES:

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 516/2007, do 14 de decembro, procedeuse á convocatoria para a contratación das obras de Mellora de camiño agrícola en Amarela, publicándose anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 240, do 20 de decembro, así como no Perfil do contratante do órgano de contratación.

Rematado o prazo de presentación de propostas, e segundo certificado que obra no expediente, constans as seguintes ofertas:

Excavaciones Pose, S.L.	N.R.E. 1791 do 29 de decembro
Construcciones Mantido, S.L.	N.R.E. 64 do 15 de xaneiro
Sondeos Porzuna, S.L.	N.R.E. 67 do 15 de xaneiro
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	N.R.E. 69 do 15 de xaneiro
Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.	N.R.E. 71 do 15 de xaneiro
Construcciones Cernadas, S.L.	N.R.E. 73 do 15 de xaneiro
Juan Lago, S.L. Construcción-Excava.	N.R.E. 75 do 15 de xaneiro
Aquablue Sistemas Constructivos S.L.	N.R.E. 77 do 15 de xaneiro
Construcciones D. Ogando, S.L.	N.R.E. 79 do 15 de xaneiro
Cerne, S.L. Obras y viales	N.R.E. 81 do 15 de xaneiro
Sergonsa Servicios, S.L.	N.R.E. 96 do 16 de xaneiro
Anllar Mantenimientos y Construcciones, S.L.U.	N.R.E. 98 do 16 de xaneiro
Obras y Saneamientos Galicia, S.L.	N.R.E. 100 do 16 de xaneiro
Gestal y López, S.L.	N.R.E. 102 do 16 de xaneiro
GR Construcciones, obras y servicios	N.R.E. 104 do 16 de xaneiro
SYR-AMG, S.L.U.	N.R.E. 106 do 16 de xaneiro
López y Leis S.A. (LOYLESA)	N.R.E. 114 do 17 de xaneiro

Á vista do anterior e de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ao abeiro do disposto no prego de cláusulas administrativas, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear aos seguintes membros que formarán parte da Mesa de Contratación:

**PRESIDENTE:** Manuel Insua Insua, Alcalde da Corporación.

### Vogais:

- Manuela Fernández Louro, concelleira da Corporación.
- José Antonio Louro Pais, concelleiro da Corporación.



Edificio Administrativo José Carrera s/n  
15130 CORCUBIÓN –Telf: 981 745400  
correo@corcubion.gal

exp. 2018/G003/000032

Irene Suárez López, Secretaria-interventora do concello.

- Antonio Martínez Domínguez, arquitecto da Oficina de rehabilitación.

**Secretaria da Mesa:** M<sup>a</sup> del Carmen Trillo Mouzo, Auxiliar administrativo do concello.

**SEGUNDO:** Convocar á Mesa de Contratación para a apertura da Documentación Administrativa, Sobre A, en sesión non pública para o día 29 de xaneiro, luns, ás 10:00 horas e, se a Mesa acorda admitir ás empresas presentadas e non procede emitir requirimento aos efectos de emenda de documentos, proceder acto seguido, en sesión pública, o mesmo día, á celebración da Mesa de Contratación para a apertura do SOBRE C, Oferta Económica.

**TERCEIRO:** Dar traslado da presente resolución aos membros designados na Mesa de Contratación, así como facela pública no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión (www.corcubion.gal), e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

**Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas indicadas na marxe.**